

EU QUERO RAZO - BALDAIO, UN PROXECTO COLABORATIVO

Manuel Pan*

Como moitos de vós saberedes, o litoral do concello de Carballo é un espazo con varios niveis de protección, pero sobre todo é un entorno cun gran valor ambiental, con varios endemismos, unha praia fósil e unha lagoa cunha grande biodiversidade que ben merecen unha visita. Pero tamén é un espazo que sufriu e sofre unha importante presión urbanística e de afluencia de persoas, sobre todo na época estival.

Manuel Pan



Grupo que instalou a escultura da pillara das dunas.

Aínda que nos últimos anos se están facendo esforzos no saneamento, reordenación e control de edificación ilegais, foron moitas décadas de urbanismo e acceso desordenado que deixaron a súa pegada na contorna.

Por sorte, as protestas sociais conseguiron preservar o espazo, como foi o caso da grande revolta popular do ano 1977, grazas á que se parou a extracción de area da lagoa, freando así tamén o acceso de milleiros de camiións á contorna e o cambio do acceso natural do mar á lagoa. Esta cuestión segue a día de hoxe provocando problemas de peche e baixada da salinidade, e tamén un importante debate sobre como acometer este feito.

Cando desde o Concello de Carballo me piden un proxecto para a valorización da contorna, procedo analizando o que se se leva facendo nos últimos anos e, sobre todo, quen está xa actuando sobre o recurso. Neste caso, como case sempre, atopámonos que xa había iniciativas nas que a sociedade organizada estaba traballando desde facía anos.

Propoñemos ao Concello un proxecto colaborativo no que as accións a levar a cabo se apoiaron no Grupo Naturalista Hábitat, que levaba anos seguindo a fauna e sobre todo a pillara das dunas, tan escasa no noso areal. Tamén en ADEGA, que ten feito campañas de eliminación de especies invasoras e outros traballos como os Bioblitz nas dunas de Baldaio¹, e por último na carballesa Senda Nova, que dá a coñecer a cultura material e inmaterial do concello por medio das súas rutas de sendeirismo e outras moitas accións.

UNHA ACCIÓN DE TURISMO CONSCIENTE

Ademais de divulgación ambiental, o proxecto tamén incluíu un bo número de actividades co obxectivo de que a poboación local e a visitante puidera acceder de xeito controlado ás zonas de especial protección. Estas incursións fixéronse nos meses do verán e sempre co acompañamento das entidades ecoloxistas e naturalistas. A iniciativa foi todo un éxito.

Manuel Pan



Limpeza con voluntariado en Baldaio.

CREANDO EMBLEMAS COLECTIVAMENTE

Nas dúas anualidades nas que se vén realizando esta programación, fixemos accións colectivas nas que se contou coa poboación local para a construción de esculturas e nas que artesás impartiron obradoiros sobre a técnica seleccionada. Deste xeito, crearon unha pillara das dunas de vimbio con Idoia Cuesta e un arroz con Inés Rodríguez, para o que se usaron fíos de plástico extraídos de botellas por medio dunha máquina inventada por outro artesán carballés, tamén colaborador no proxecto, Fabián Lage.

Ambas esculturas están agora expostas, unha en Razo e outra na Pedra do Sal, en Baldaio, e convertéronse xa nun emblema do respecto polo medio ambiente e da eliminación do lixo dos océanos, contando cunha ampla viralidade nas redes sociais. Unha difusión que tamén se buscaba, xa que pensamos que o coñecemento crea respecto e a comunicación axuda a amplificar o coñecemento.

A verdade é que o exemplo do feito en Razo e Baldaio está sendo seguido moi de preto por outros concellos do país e foron moitos os que nos contactaron para interesarse sobre a organización destas actividades. Estamos moi ledos de que se vexan os nosos areais non só como espazos "sen fumes" senón tamén como espazos dun grande interese medioambiental. Queremos facer ver que neles hai algo máis que area, lixeiras, duchas e un bo servizo de socorrismo. Tamén hai seres vivos entre e sobre a area, nas augas, entre vexetación. Hai animais e plantas que dependen dese espazo para a súa supervivencia, e sobre todo son lugares que debemos conservar para as xeracións vindeiras nas mellores condicións posibles.

*Manuel Pan, consultor en turismo e medio ambiente.

NOTAS

¹ Evento participativo de ciencia cidadá onde o obxectivo é rexistrar tantas especies como sexa posible nun lugar e durante un tempo determinados.